

XXIII – TI, LECTOR, ETERNO VOYEUR

Si, iso mesmo, que a palabra que tes arriba, en cursiva, significa mirón, que é o que ti es, sempre aí, agochado da outra banda das historias sen dar un chío.

Xa, sen dar un chío. En todo caso o que ti dis queda escrito e o meu pensamento lévao o vento. Non dou a miña opinión, iso é o que pensas, pero en canto remata o ano ben que andas pendente de ver cantos exemplares vendiches para cobrar os dereitos de autor e mais para encher o ego ben enchido, ese monstro insaciábel que levas dentro.



Ben sabes tamén, malia non ser o teu caso, que as boas obras espállanas os lectores de boca a orella a pesar de que o libro non se deixase ver polos escaparates das librarías, o editor non gastara un can na súa promoción e na prensa non aparece nin unha triste recensión. Pois logo xa ves que, malia que sexa de xeito indirecto, chío bastante máis do que pensas.

Queres que che diga a verdade? Pois vaia trapallada máis incríbel e inconexa a que me soltas nesta obra. Non che chega con ofenderme, ou case, chamándome mirón senón que cres, ou debes facelo, que ademais son medio babeco e que vou tragar co que contas sobre o teu coche: que primeiro, cando estabades a atravesar a vila de C, caeu sobre vós o que debeu ser o segundo dioivo universal e que logo cho levou unha enchente e foi dar cos ferranchos ao fondo da ría. Esa parte podía ter un pase; non é tampouco que o fora crer así como así, pois, aínda que ultimamente esas desfeitas acontezan de cada vez con máis frecuencia, sería demasiada casualidade que precisamente che pasase a ti para que puideses escribir estas páxinas. Non, non é doado de crer, pero cando menos podo disimular e tirar cara a diante coa lectura; mais o resto do relato... Está ben que os escritores teñades imaxinación e todo iso. Supoño que é algo esencial, un elemento imprescindíbel para desenvolver o voso traballo, pero parece que ti o que pretendes e facerme pasar por verdade o que contas, e un, malia ser crédulo e poñer a súa mellor disposición, ten os seus límites.

Escachos, estrelas, lagartos e até unha lapa de lume. Ateigas o texto cunha morea de criaturas imaxinarias e irreais. Está ben, pero decatáste de que, amais de me tratar como a unha crianza achegándote ao tema dese xeito, andas a pisar áreas movedizas ao usar un procedemento tan manido como o de personificar os bichiños e os entes da natureza. Atopei este día nun dicionario que hai unha doutrina filosófica á que chaman hilozoísmo que atribúe vida propia aos seres inanimados. Non son hilozoísta, e malia non estar de acordo co resultado acéptoo como recurso literario. Pero cres realmente que necesitabas facelo?

Sacas á luz un feixe de asuntos: o desa treboada, que non sei se simboliza a loucura na que se está a converter a climatoloxía, e mais o dos incendios; aínda que coido que esqueches explicar, entre outras moitas cuestións, a relación que teñen os lumes coas actuacións nas canles dos ríos e coas enxurradas como a que che arramplou co coche. Fixeches intervir unha mancha de personaxes, os que ti dis que che viñeron á mente cando comezaches a reflexionar sobre o tema, pero o que che quedou no tinteiro é o que ninguén quere escoitar: até o máis teimoso defensor do medio ambiente, xa sexa un concienciado activista de calquera grupo ecoloxista, non é quen de subtraerse ao consumismo desmedido e o dispendio enerxético. Si, diso somos todos moi conscientes, todos nós, pero pouco facemos por cambiar. Esa, e non outra, é a verdade. Non sei para que digo nada, sinto que estou a dilapidar as palabras dun xeito inútil. Seguro que, como todos os

escritores, vas pola vida de artista, xenio pagado de si mesmo, e serás, cando menos no que atinxe á túa obra, pouco dado ao diálogo. Éme igual que non admitas suxestións, non teño o máis mínimo interese en convencerte, só quero facer o que ti dis facer pero nos fas: ser sincero.